


Un viaggio per L' Italia

Biblioteca IES As Mariñas

Abril 2012



Italia está formada pola península itálica e dúas grandes illas, Sicilia e Cerdeña, situadas no mar Mediterráneo.




Margherita Dolcevit Stefano Benni

Margherita é unha nena alegre e algo pasada de peso. Gústalle os libros e a música. Ten un can improbable, unha amiga invisible e unha familia extravagante.

O libro é unha denuncia despiadada da falta de valores auténticos, a vulgaridade do poder e a arrogancia da riqueza, pero tamén é unha fábula ecolóxica en defensa da natureza, a fantasía e a imaxinación.

Sabías que Italia é o quinto país máis visitado do mundo?

Roma é a súa capital




Seda

A. Baricco

Ésta non é unha novela. Nin sequera é un conto.

Ésta é unha historia. Empeza cun home que atravesa o mundo, e acaba cun lago que permanece inmóbil nunha xornada de

vento. Poderíase dicir que é unha historia de amor. Pero se soamente fose isto, non pagaría a pena contala.



Contos por teléfono

Gianni Rodari

Érase unha vez... o señor Bianchi, de Varese. A súa profesión de viaxante de comercio obrigábao a viaxar durante seis días á semana, percorrendo toda Italia. O sábado regresaba á súa casa e o luns pola mañá volvía a

partir. Mais, antes de marchar, a súa filla recordáballo:

- Xa sabes, papá: un conto cada noite.




Los espejos venecianos

J. Manuel Gisbert

A lenda de Beatrice Balzani, “a que nunca morreu”, unha muller que desapareceu sen deixar rastro e que abandonou a existencia envolta na néboa do misterio, vive no recordo de todos os habi-

tantes da cidade.

Outras cidades importantes son: Venecia, Milán, Pisa, Turín e Florencia.



“Fun o pioneiro do método científico moderno. Os meus traballos fixeron progresar a física, as ciencias dos materiais e a astronomía.


Os descubrimentos que fixen co telescopio revolucionaron o xeito de estudar o espazo e o lugar do home na terra” **Galileo Galilei**

“No Renacemento, desde os filósofos ata os poetas, desde os arquitectos ata os pintores, e desde os reis e papas ata a xente común, todos nos sentiamos capaces de transformar o mundo. E eu, como fillo desta época marabillosa, non escapaba a ese impulso. Por iso me dediquei a pintar e a esculpir, a deseñar fortalezas e máquinas de guerra, ou a crear artefactos para voar”

Leonardo da Vinci



Na biblioteca podes atopar **“Cocina tradicional italiana, auténticas recetas de la abuela”** e **“Buen provecho, Pasta”** para facer na túa casa aqueles pratos que máis che gustan: Pizza napolitana, espaguetis á carbonara, polo “in potacchio”, panettone, fusilla de frambuesa, espaguetis con queixo ricotta...



A súa gastronomía, moi variada, pertence á dieta mediterránea.


Os seus pratos máis coñecidos son a pizza, a pasta e o risotto.

Adéntrate no **Museo de las aventuras**: viaxarás ao pasado, encontrarás novos amigos, enfrontaraste a misterios fascinantes e descubrirás enigmas asombrosos.

Estarás presente cando Miguel Ánxel aprenda a esculpir e a pintar e terás que descifrar o Código Leonardo.

A súa forma de contar, cativadora e viva, farate gozar deste apaixonante relato de detectives no mundo da arte.

Italia foi o fogar de culturas como a etrusca e a romana, ademais de berce do Renacemento.



Queres visitar Roma ?

Pois non o dubides, con **“Antigua Roma”** terás unha visión clara e completa do berce da civilización: da lenda de Rómulo e Remo ata a caída do Imperio Romano de Occidente. Os protagonistas, a súa visión do mundo, o dereito romano, as guerras e a vida cotiá dunha cidade que imprimiu a súa pegada na nosa civilización.

En **“Roma, grandes secretos para viajeros”** atoparás cousas increíbles sobre antigos gladiadores, futbolistas actuais, pontes históricas, comidas deliciosas e xeados de todos os sabores.

Italia conta con tres volcáns activos. Estes son: o Vesubio, o Etna e o Stromboli.



La soledad de los números primos

Paolo Giordano

Conmovedora historia de Alice e Mattia, dous seres cunha vida marcada por un episodio ocorrido na nenez. Todo o mundo reconecerá algo de si mesmo neste libro, pois a verdadeira protagonista desta historia é a soidade.



Caos calmo

S. Veronesi

Aparentemente, a historia dun home cun traballo bo, unha muller que o quere e unha filla de dez anos debería ser a historia dun home


feliz. Mais non o é.



Esta noche dime que me quieres

Federico Moccia

Tancredo, xove, guapo e sedutor, non cre no amor nin na felicidade ata que se topa con Sofía, pianista retirada que coida da súa parella, Andrea, agora parálítico a resultas dun grave accidente.



A pensión Eva

A. Camilleri


Todo comeza cun misterio: como aprender a vivir no medio dunha guerra. Como descubrir a amizade e o amor mentres as bombas matan e acaban coa dignidade da xente.



O barón rampante

Italo Calvino

Apaixonante e entretida historia, marcada polo realismo máxico e as aventuras, capaz de convencer a calquera sobre o poder revolucionario da imaxinación, a rebeldía e o inconformismo humano.




El desierto de los tártaros

Dino Buzzati

O oficial Giovanni Drogo é destinado a unha fortaleza fronteiriza sobre a que pende unha ameaza aprazada e

inconcreta, pero obsesivamente presente.




Escucha mi voz

Susana Tamaro


Marta regresa á casa de Trieste onde creceu xunto a súa avoa. Un día sobe ao faiado e encontra as pegadas das dúas persoas máis importantes da súa vida: seu pai e súa nai.

Florenzia y Toscana.

Guía visual



Fotografías, planos, mapas, maquetas, museos, pobos, hoteis, restaurantes e cafés.




Sostiene Pereira



A. Tabucchi

Nesta obra o autor conseguiu crear un inesquecible personaxe que deixará unha profunda pegada no lector. Con el ofrécenos tamén unha espléndida historia sobre as razóns do noso pasado.



Cine



Documentais



Música



Revistas



Visita o blog da biblioteca:
<http://bibliotecamarinas.blogspot.com>
 Ti tamén podes colaborar nel.

